

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

7173 *Real decreto 555/2011, do 20 de abril, polo que se establece o réxime electoral do Consello de Policía.*

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, estableceu as liñas xerais do réxime electoral do Consello de Policía, órgano colexiado con representación paritaria das administracións e dos membros do Corpo Nacional de Policía.

O Real decreto 315/1987, do 27 de febreiro, sobre normas para a celebración de eleccións de representantes do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía e determinación da condición de representativos dos seus sindicatos, deu cumprimento ao mandato de desenvolvemento regulamentario contido no punto quinto do artigo 26 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, en aspectos relacionados coa convocatoria de eleccións e co procedemento electoral.

Posteriormente, o Real decreto 315/1987, do 27 de febreiro, foi modificado polo Real decreto 322/1991, do 15 de marzo, e polo Real decreto 327/1999, do 26 de febreiro, para incorporar determinadas medidas correctoras das disfuncións observadas no funcionamento do proceso electoral.

Este real decreto ten como primeiro obxectivo dotar o procedemento electoral no Corpo Nacional da Policía de maior axilidade e eficiencia. Con ese fin establécese un novo procedemento de voto electrónico para a elección dos membros do Consello de Policía. Para ese efecto, a Orde INT/761/2007, do 20 de marzo, pola que se aproba o novo modelo de carné profesional dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía e outros documentos identificativos para determinado persoal que presta os seus servizos no ámbito do Corpo Nacional de Policía na Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, implantou os novos carnés profesionais que incorporan mecanismos que permiten a identificación e a sinatura electrónica.

O segundo obxectivo desta norma regulamentaria é adaptar a regulación do procedemento electoral á recente Sentenza do Tribunal Constitucional 120/2010, do 24 de novembro, que estimou a cuestión de inconstitucionalidade suscitada en relación cos artigos 25.3, 26.1 e 26.2 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade do Estado, e procedeu a decláralos inconstitucionais por non incluíren no sistema electoral por escalas os funcionarios titulares das prazas de facultativos e técnicos. Este real decreto incorpora así a dita xurisprudencia, así como a modificación introducida na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, pola Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional; 2/2006, do 3 de maio, de educación, e 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Na tramitación deste real decreto foi solicitado o informe da Axencia Española de Protección de Datos de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Protección de Datos. Así mesmo, o Consello de Policía emitiu informe favorable sobre esta norma.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, logo de informe da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas para a celebración das eleccións a representantes do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía, de acordo co disposto no artigo 26 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade. Con carácter supletorio será de aplicación o previsto na lexislación sobre réxime electoral xeral.

Artigo 2. *Sistema electoral.*

A representación dos membros do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía estruturarase por escalas, sobre a base de un representante por cada seis mil funcionarios ou fracción de cada unha das catro escalas que constitúen o corpo.

CAPÍTULO II

Dereito de sufraxio. O censo electoral

Artigo 3. *Dereito de sufraxio activo e pasivo.*

1. Serán electores e elixibles os funcionarios do Corpo Nacional de Policía que se encontren nas situacións de servizo activo, segunda actividade ou suspensión de funcións mentres non sexa firme. Os funcionarios titulares de prazas de facultativos e técnicos concorrerán como electores e elixibles cos da escala executiva e de subinspección, respectivamente.

2. A cualificación de inelixibilidade procederá, respecto de quen se atope ou pase a situación distinta das previstas no punto primeiro, na data de convocatoria de eleccións ou en calquera momento posterior ata a súa celebración. Tamén procederá a cualificación de inelixibilidade respecto dos membros da Xunta Electoral.

Artigo 4. *Exercicio do sufraxio activo.*

1. O dereito ao sufraxio poderano exercer persoalmente os funcionarios que se inscribisen como electores no censo electoral que se regula no capítulo V das seguintes formas:

a) De forma electrónica, mediante unha aplicación informática que cumpra as necesarias garantías de confidencialidade, integridade e seguridade no contido, á vez que posibilite o cumprimento daquelas disposicións normativas que establecen como criterio de representatividade os resultados obtidos polas distintas organizacións sindicais, federacións, agrupacións ou coalicións representativas no Corpo Nacional de Policía, a nivel territorial. Para garantir eses principios, a aplicación rexistrará de forma dissociada o voto realizado e o acto da votación polo elector, impedindo que este poida volver votar, sendo de aplicación ao sistema as medidas de seguridade de nivel alto previstas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

b) Mediante o voto por correspondencia, de acordo co establecido no capítulo VIII.

2. Ninguén poderá votar máis dunha vez nas mesmas eleccións, nin ser obrigado ou coaccionado baixo ningún pretexto no exercicio do seu dereito de sufraxio, nin a revelar o seu voto.

CAPÍTULO III

Administración electoral*Artigo 5. Administración electoral.*

1. A Administración electoral terá por finalidade garantir a transparencia e obxectividade do proceso electoral, de maneira que se respecte o sufraxio persoal, libre, directo e secreto.

2. A Administración electoral está composta pola Xunta Electoral, a Mesa Electoral Única e as comisións de garantía electoral.

3. Os funcionarios que integran a Administración electoral, os representantes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, así como os interventores terán dereito a un permiso retribuído de xornada completa durante o día da votación. Así mesmo, os funcionarios que integran a Administración electoral, os representantes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e os interventores serán eximidos de servizo durante a noite anterior.

Os membros da Xunta Electoral e da Mesa Electoral Única gozarán de permiso retribuído a tempo total, durante todo o período electoral, cando se reúnan para resolver asuntos da súa competencia en materia electoral.

Artigo 6. A Xunta Electoral. Composición e funcións.

1. A Xunta Electoral estará composta por igual número de representantes da Administración e das organizacións sindicais que obtivesen representación no Consello de Policía, deixando a salvo o disposto no punto cuarto deste artigo.

2. A Presidencia e a Secretaría da Xunta recaerán en representantes da Administración xeral do Estado.

3. Os representantes da Administración serán nomeados polo ministro do Interior dentro dos catro días seguintes ao da convocatoria de eleccións.

4. Os representantes das organizacións sindicais serán elixidos, no mesmo prazo do punto anterior, polas organizacións que obtivesen representación no Consello de Policía, entre funcionarios que teñan a condición de electores, en proporción á dita representación, e deberán quedar representadas as distintas escalas do corpo.

5. A Xunta Electoral constituirase formalmente e levantará a acta correspondente, no termo dos dous días seguintes ao da designación dos seus compoñentes.

6. A Xunta Electoral exercerá as funcións que se relacionan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que lle atribúe este real decreto:

a) Designar, logo de sorteo, entre funcionarios do Corpo Nacional de Policía incluídos no censo único electoral, o presidente e os vogais da Mesa Electoral Única e os seus suplentes, conforme o disposto no artigo 7.2.

b) Determinar os locais e os puntos habilitados para o exercicio do voto electrónico.

c) Supervisar a aplicación informática que posibilita o exercicio do voto e a realización do escrutinio, así como controlar e supervisar o seu funcionamento, e resolver cantas incidencias se poidan producir durante o desenvolvemento do proceso electoral, designando o persoal de apoio técnico necesario para o dito labor.

d) Acordar e difundir todas as outras instrucións que tecnicamente resulten necesarias para o desenvolvemento material e ordenado das votacións e para facilitar o exercicio do sufraxio activo.

e) Acordar, se por causa de forza maior non for posible exercer o dereito de sufraxio nunha determinada localidade, a suspensión da votación nesa localidade e a súa celebración nun momento posterior, unha vez desaparecidas as causas que motivaron a suspensión.

f) Pospor a celebración das eleccións polo prazo necesario no caso de que circunstancias excepcionais imposibiliten a celebración do proceso electoral.

g) Realizar a proclamación de candidatos.

- h) Garantir e regular a publicidade electoral.
- i) Controlar o escrutinio.
- j) Publicar o resultado final.
- k) Emendar e resolver as reclamacións e consultas de todo tipo no ámbito das súas competencias.
- l) Proclamar os candidatos electos.
- m) Proclamar as organizacións sindicais, federacións, agrupacións ou coalicións representativas no Corpo Nacional de Policía.

7. Todos os acordos da Xunta Electoral se farán públicos na orde xeral do Corpo Nacional de Policía e na súa intranet.

8. En todo o non regulado expresamente neste artigo observarase o disposto para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Mesa Electoral Única. Composición e funcións.*

1. A circunscrición electoral é única para todo o territorio nacional. Esta contará cunha mesa electoral única, que terá encomendada, co apoio das comisións de garantía electoral, a vixilancia do exercicio ordenado do dereito ao voto e a presidencia das votacións. Así mesmo, a Mesa Electoral Única realizará o escrutinio, levantará a acta correspondente e resolverá calquera incidente que se presente, sen prexuízo das atribucións que ten encomendadas a Xunta Electoral.

2. A Mesa Electoral Única estará formada por un presidente e dous vogais, designados por sorteo entre os funcionarios do Corpo Nacional de Policía incluídos no censo electoral, destinados na localidade onde se constituía esta. Exercerá o cargo de presidente o membro de maior categoría e, en caso de igualdade na categoría, o de maior antigüidade nela. O membro de menor categoría ou o de menor antigüidade nela actuará como secretario da Mesa. Os suplentes do presidente e dos vogais designaranse por igual procedemento.

3. O sorteo indicado no punto anterior será realizado pola Xunta Electoral o sétimo día seguinte ao de convocatoria de eleccións, e comunicaráselles aos funcionarios a súa designación o día seguinte ao de se levar a cabo esta.

4. Os cargos de presidente e vogal de Mesa Electoral Única serán obrigatorios. Non poderán ser exercidos por quen exerza a condición de xefe da dependencia en calquera dos diferentes cadros de persoal do territorio nacional, por quen se presente como candidato nin polos representantes das organizacións que presentasen candidaturas.

5. Os designados disporán dun prazo de dous días a partir da notificación para alegaren ante a Xunta Electoral causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo. Se o impedimento sobrevén despois dese prazo, o aviso á Xunta deberase realizar de maneira inmediata. A Xunta resolverá no prazo de dous días e comunicarlle ao suplente, de ser o caso, a substitución producida.

6. A Mesa Electoral Única constituirase en Madrid, o décimo cuarto día seguinte ao da convocatoria de eleccións. Os seus membros gozarán dos permisos retribuídos previstos no artigo 5.3, así como do dereito a indemnizacións por razón de servizo, cando para o cumprimento das súas funcións se deban desprazar, excepcionalmente, fóra da localidade en que desempeñen o seu posto de traballo ou do lugar de residencia habitual, de estaren en segunda actividade sen destino.

Artigo 8. *As comisións de garantía electoral.*

1. En cada unha das dependencias en que se deban situar os puntos para o exercicio do voto electrónico determinados pola Xunta Electoral constituirase unha comisión de garantía electoral. A comisión de garantía electoral estará integrada por tres membros, que deberán ser funcionarios do Corpo Nacional de Policía incluídos no censo electoral e con destino na localidade en que teña a súa sede o punto de votación en que deba exercer as súas funcións a comisión correspondente.

Así mesmo, constituirase unha comisión de garantía electoral de voto por correspondencia con sede na mesma localidade onde se constituía a Mesa Electoral Única, e estará integrada por seis membros designados conforme o disposto no artigo 7.2.

2. A designación dos membros das comisións levarase a cabo mediante sorteo realizado pola Xunta Electoral. Para ese efecto serán designados segundo a orde de insaculación seis funcionarios, dos cales o tres primeiros serán membros titulares e o cuarto, quinto e sexto, suplentes que formarán parte da comisión no suposto de que algún dos titulares non poida desempeñar o cargo por causa xustificada.

Os membros da comisión de garantía electoral de voto por correspondencia serán designados segundo a orde de insaculación de doce funcionarios, dos cales os seis primeiros serán membros titulares, e do sétimo ao décimo segundo suplentes, que formarán parte da comisión no caso de que algún dos titulares non poida desempeñar o cargo por causa xustificada.

Exercerá o cargo de presidente o membro de maior categoría ou, en caso de igualdade na categoría, o de maior antigüidade nela. O membro de menor categoría ou de menor antigüidade nesta actuará como secretario da comisión.

As datas de designación dos membros das comisións e a súa notificación aos interesados, así como os prazos para formular as alegacións respecto diso e para a resolución destas pola Xunta Electoral serán iguais aos previstos no artigo 7 para a Mesa Electoral Única. Así mesmo, a constitución destas comisións terá lugar o décimo cuarto día seguinte ao da convocatoria de eleccións.

3. Serán funcións das comisións de garantía electoral:

- a) Supervisar o desenvolvemento ordenado das votacións nos puntos en que estas teñan lugar;
- b) Informar os electores sobre a forma de exercer o voto co apoio dos representantes da Administración previstos no artigo 9;
- c) Resolver calquera incidente que se produza;
- d) Levantar a acta do desenvolvemento da sesión e dar traslado desta á Xunta Electoral por vía electrónica, asinándoa co certificado de sinatura electrónica do funcionario que actúe como secretario ao finalizar o horario de votación;
- e) Calquera outra función que lle sexa encomendada pola Xunta Electoral.

4. Serán funcións da comisión de garantía electoral do voto por correspondencia supervisar o normal desenvolvemento do procedemento regulado para o voto por correspondencia e proceder ao seu escrutinio, unha vez recibidos os sobres da Mesa Electoral Única, conforme o establecido no artigo 25.3. Así mesmo, a comisión de garantía electoral do voto por correspondencia deberá resolver calquera incidente que se produza, levantar a acta do desenvolvemento da sesión e dar traslado dela á Xunta Electoral por vía electrónica, asinándoa co certificado de sinatura electrónica do funcionario que actúe de secretario ao finalizar o escrutinio.

5. Aos membros das comisións de garantía electoral seranlles de aplicación idénticas prescricións sobre incompatibilidades que ao presidente e aos vogais da Mesa Electoral Única.

Artigo 9. *Interventores e representantes.*

1. O representante de cada candidatura poderá designar, ata dez días antes da celebración das eleccións, un interventor ante a Mesa Electoral Única e outro por cada comisión de garantía electoral, mediante a expedición dun escrito dirixido á Xunta Electoral, coa data e sinatura do nomeamento; tales solicitudes tamén poderán ser tramitadas por medios electrónicos. A Xunta expedirá as credenciais oportunas para a súa entrega aos interesados e aos membros da Mesa Electoral Única ou da comisión de garantía electoral correspondente.

2. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil designará un representante dela, que estará presente na Mesa Electoral Única, así como un representante en cada un dos locais en que se sitúen os terminais para o exercicio do voto. A Dirección Xeral da Policía

e da Garda Civil prestará asistencia aos funcionarios que vaian exercer o dereito de sufraxio e á comisión de garantía electoral correspondente.

3. Tanto os interventores coma os representantes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil poderán asistir á Mesa Electoral Única e ás comisións de garantía electoral, e participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto.

CAPÍTULO IV

Convocatoria de eleccións

Artigo 10. *Requisitos xerais da convocatoria de eleccións.*

1. O Consello de Policía convocará eleccións para a provisión dos seus membros en representación dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía, cunha antelación de entre cincuenta e cinco e setenta días ao da expiración do seu mandato, convocatoria que será publicada o día seguinte na orde xeral do Corpo Nacional de Policía.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo do establecido no artigo 30.2, cando as circunstancias o aconsellen, no período de dous meses previo ao prazo sinalado no parágrafo anterior, a Administración e as organizacións sindicais con representación no Consello de Policía poderán promover ante este a celebración anticipada de eleccións. O Consello de Policía adoptará o acordo por maioría absoluta.

2. A convocatoria sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre os corenta e cinco e setenta días posteriores ao da súa publicación. Así mesmo, a convocatoria establecerá a duración da campaña electoral, o censo global por escalas e o número de representantes que se van elixir en aplicación do disposto no artigo 25.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e da disposición adicional sétima da mesma norma.

CAPÍTULO V

Censo electoral

Artigo 11. *Publicación e reclamacións.*

1. O censo electoral conterá a relación da inscrición individualizada de todos os funcionarios que reúnan os requisitos para seren electores. O censo será único e será realizado de oficio pola Administración. Ordenarase alfabeticamente por escalas e incluírá, ademais, os números do carné profesional e do documento nacional de identidade.

2. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil facilitará á Xunta Electoral e á Mesa Electoral Única, no prazo máximo de quince días desde a convocatoria das eleccións, o censo único coa lista de electores en soporte informático, e farao público á vez na intranet corporativa do Corpo Nacional de Policía, durante un prazo non inferior a oito días, de forma que os funcionarios dese corpo poidan acceder aos seus propios datos censuais desde todas as unidades administrativas e dependencias do centro directivo. Os datos contidos nas listas do censo non poderán ser empregados para outra finalidade que non estea relacionada co proceso electoral.

3. Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía, a partir da data da publicación do censo electoral na intranet corporativa, e durante o prazo indicado no punto anterior, poderán formular ante a Mesa Electoral Única as reclamacións que consideren pertinentes relativas á súa inclusión ou exclusión no censo, así como os erros dos seus datos nel. As reclamacións efectuaranse por vía electrónica con sinatura dixital mediante unha comunicación electrónica que estará dispoñible na propia aplicación informática, que publicará de forma personalizada a adscrición censual de cada funcionario e que garantirá a súa privacidade coa utilización dos certificados dixitais correspondentes.

4. A Mesa Electoral Única resolverá todas as reclamacións que poidan presentar os electores en relación con inclusións, exclusións ou correccións, ata un día despois de ter finalizado o prazo de exposición. Así mesmo, a Mesa Electoral Única confeccionará, cos

medios que lle facilite a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, a lista definitiva do censo electoral, que será publicada na intranet corporativa dentro das vinte e catro horas seguintes.

Os funcionarios cuxa reclamación non fose atendida no prazo sinalado poderán reiterala ante a Xunta Electoral nos tres días seguintes. A Xunta Electoral resolverá a reclamación no prazo de tres días e, de ser o caso, ordenará as rectificacións pertinentes. As súas resolucións esgotarán a vía administrativa. Tanto as reclamacións coma as notificacións sobre elas dos acordos adoptados polos órganos competentes da Administración electoral se realizarán por vía electrónica, utilizando a sinatura electrónica recoñecida incorporada ao carné profesional dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía ou ao documento nacional de identidade electrónico.

5. Os representantes de cada candidatura poderán obter, o día da proclamación de candidatos, unha copia do censo, de cuxos datos unicamente se poderá facer uso para a realización de actividades vinculadas co proceso electoral.

CAPÍTULO VI

Procedemento electoral

Artigo 12. *Presentación de candidatos.*

1. Poderán presentar listas de candidatos ao Consello de Policía:

a) As organizacións sindicais e as súas federacións, constituídas de acordo co disposto no artigo 20 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

b) As agrupacións de electores avaladas por un número de sinaturas de electores equivalente polo menos ao 5 por 100 dos electores da escala básica e ao 10 por 100 das demais escalas en que presenten candidaturas.

c) As coalicións electorais.

2. Os sindicatos, federacións ou agrupacións de electores que establezan un pacto de coalición para concorreren conxuntamente a unha elección deberán comunicalo á Xunta Electoral, dentro dos dous días seguintes ao da publicación das listas definitivas de electores, indicando a denominación da coalición, as normas polas cales se rexe e as persoas titulares dos seus órganos de dirección ou coordinación.

3. A presentación de candidaturas débese realizar con denominacións, siglas ou símbolos que non induzan a confusión cos pertencentes ou usados habitualmente por outros sindicatos, federacións, agrupacións ou coalicións legalmente constituídas.

Artigo 13. *Procedemento para presentar listas de candidatos.*

1. As candidaturas subscritas polos representantes dos sindicatos, federacións e coalicións e polos titulares dos órganos de dirección ou coordinación das agrupacións dos electores presentaranse ante a Xunta Electoral, dentro dos catro días seguintes ao da publicación das listas definitivas de electores, e serán publicadas na orde xeral do Corpo Nacional de Policía o día seguinte ao da finalización do dito prazo.

2. O escrito de presentación de cada candidatura deberá expresar claramente a denominación, siglas e símbolos do sindicato, federación, coalición ou agrupación que a promove, así como o nome e apelidos dos candidatos incluídos nela, con declaración expresa da súa aceptación na candidatura.

3. As candidaturas presentadas por agrupacións de electores deben ir acompañadas dos documentos acreditativos do número de sinaturas exixido para a súa participación nas eleccións polo artigo 12.1.b). Ningún elector poderá dar a súa sinatura para a presentación de máis dunha candidatura. A identidade dos asinantes deberá ser acreditada de modo fidedigno.

4. As listas, que serán nacionais e pechadas, incluírán tantos candidatos coma postos para elixir e, ademais, un número igual de suplentes, con expresión da orde de colocación de todos eles.

5. Xunto ao nome e aos apelidos dos candidatos deberase facer constar a súa condición de independente ou, en caso de coalicións, a denominación da organización sindical a que cada un pertenza.

Artigo 14. Proclamación de candidatos. Recursos.

1. A Xunta Electoral realizará a proclamación de candidatos dentro dos tres días seguintes ao da terminación do prazo de presentación de candidaturas, que se publicará o día seguinte na orde xeral do Corpo Nacional de Policía.

2. As candidaturas non poderán ser obxecto de modificación unha vez presentadas, salvo para a emenda de erros. Esta emenda deberase efectuar no prazo de dous días.

3. A partir da proclamación, calquera candidato excluído e os representantes das candidaturas proclamadas ou cuxa proclamación fose denegada poderán interpor os recursos establecidos no artigo 29.2.

Artigo 15. Disposicións xerais sobre a campaña electoral.

1. O Consello de Policía realizará durante o período electoral unha campaña de carácter institucional, destinada a informar os funcionarios do Corpo Nacional de Policía, así como a promover a súa participación, sen influír na orientación do voto dos electores.

2. Enténdese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, sindicatos, federacións, coalicións ou agrupacións, para a captación de sufraxios.

3. A campaña electoral durará quince días como mínimo e vinte e un días como máximo. A campaña comezará sempre en data posterior á proclamación de candidaturas e terminará, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior ao da votación.

Artigo 16. Propaganda e actos de campaña electoral.

1. Non se poderá difundir propaganda electoral nin realizar ningún acto de campaña electoral unha vez que a campaña terminase legalmente nin tampouco durante o período comprendido entre a convocatoria de eleccións e a iniciación legal da campaña, salvo as actividades habitualmente realizadas polas organizacións sindicais no exercicio das súas funcións legalmente recoñecidas.

2. Os sindicatos, federacións, coalicións ou agrupacións que presenten candidaturas disporán en cada dependencia de lugares reservados para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral. Os ditos espazos estarán sempre situados en lugares de fácil exposición e acceso aos funcionarios e serán de igual superficie e análoga utilidade en cada un dos lugares dispoñibles.

3. A realización de reunións para actos de campaña electoral nas dependencias policiais axustarase ás seguintes regras:

a) A Xunta Electoral fará pública a determinación dos locais, os días e horas en que se poidan levar a cabo os actos. A este respecto, as unidades orgánicas da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ámbito Corpo Nacional de Policía, facilitarán os locais adecuados de que dispoñan, coidando en todo momento de que non se entorpeza o servizo público.

b) Logo de solicitude dos sindicatos, federacións, coalicións ou agrupacións, a Xunta Electoral atribuirá os locais de acordo co criterio de igualdade de oportunidades e, subsidiariamente, por sorteo.

4. No tempo de duración da campaña, así como durante a xornada de reflexión e o día da votación, todos os candidatos e suplentes proclamados como tales gozarán de permiso retribuído para a súa realización.

Artigo 17. *Disposicións xerais sobre votacións.*

1. O horario das votacións será fixado pola Xunta Electoral e publicado na orde xeral do Corpo Nacional de Policía, e deberá comprender un mínimo de seis horas diúrnas.

2. A Xunta Electoral, a Mesa Electoral Única, as comisións de garantía electoral e a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil garantirán o libre exercicio do dereito de voto dos funcionarios. A Xunta Electoral, en particular, dará as instrucións oportunas que permitan compatibilizar a prestación do servizo co exercicio do dereito de voto.

Artigo 18. *Votación e atribución de postos.*

1. As eleccións a representantes no Consello de Policía axustaranse ás seguintes regras:

a) Cada elector poderá dar o seu voto a unha soa das listas presentadas, correspondente á escala a que pertence, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto.

b) Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada lista o número de postos que lle correspondan, de conformidade co cociente que resulte de dividir o número de votantes polo de postos que se van cubrir. Os postos sobrantes, de ser o caso, atribuiranse ás listas en orde decrecente, segundo o resto dos votos de cada unha delas.

c) En caso de empate, resultará elixido o candidato de maior antigüidade no corpo.

CAPÍTULO VII

Procedemento de voto electrónico

Artigo 19. *Medios e recursos para posibilitar o exercicio de voto electrónico.*

1. Para o exercicio do sufraxio activo e demais actuacións que precisen desenvolver os electores, será necesaria a identificación do elector mediante a utilización do seu carné profesional ou do documento nacional de identidade electrónico cos mecanismos de sinatura electrónica avanzada e recoñecida incorporados a el.

2. No caso de que por causas técnicas non se poida producir a identificación do elector mediante o carné profesional ou o documento nacional de identidade electrónico, a identificación do elector poderase realizar mediante o documento nacional de identidade, o pasaporte ou o permiso de condución. Neste caso, unha vez verificada a condición do elector ante a comisión de garantía electoral, o seu presidente autorizaralle ao elector o exercicio do seu dereito ao voto, o cal se executará a través dun certificado electrónico que validará o presidente da comisión e que permitirá a conexión co sistema de votación.

3. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil porá á disposición da Xunta Electoral os recursos e as infraestruturas necesarias que posibiliten garantir o exercicio do sufraxio persoal, libre, directo e secreto, así como o escrutinio xeral dos votos emitidos e demais aspectos derivados do emprego de sistemas informáticos.

4. O código fonte do programa informático quedará á disposición da Xunta Electoral para a auditoría e comprobación do procedemento e dos resultados en todo momento.

Artigo 20. *Desenvolvemento das votacións.*

1. Os membros da correspondente comisión de garantía electoral reuniranse unha hora antes de se iniciaren as votacións nos locais que a Xunta Electoral determinase para realizar as votacións, e comprobarán o estado e correcto funcionamento dos aparellos informáticos determinados pola Xunta Electoral para posibilitar o exercicio do voto electrónico. Así mesmo, verificarán que o voto electrónico se poderá realizar de forma persoal, directa e secreta.

Seguidamente, os membros da comisión de garantía electoral procederán a recibir as acreditacións dos interventores e do representante da Administración. Ao concluír o horario

de votación, os membros de cada comisión de garantía electoral elaborarán unha acta na cal, con indicación da identidade dos seus integrantes e dos interventores e representante, reflectirán todas as incidencias que teñan lugar no transcurso da xornada electoral. A acta será asinada electronicamente por todos os membros da comisión, así como polos interventores das candidaturas e polo representante da Administración, e será remitida inmediatamente polo mesmo procedemento á Xunta Electoral.

2. A Mesa Electoral Única reunirse en Madrid unha hora antes do inicio das votacións e será asistida polos técnicos informáticos responsables da aplicación que posibilita o voto electrónico que fosen designados para ese efecto pola Xunta Electoral. A Mesa Electoral Única acordará a activación dos mecanismos correspondentes da aplicación informática que permitan a iniciación das votacións simultaneamente en todos os puntos establecidos, de conformidade coas instrucións da Xunta Electoral. Así mesmo, a Mesa Electoral Única procederá a recibir as acreditacións dos interventores e do representante da Administración, levantando a acta de constitución da Mesa.

Artigo 21. O exercicio do sufraxio activo mediante o voto electrónico.

1. Para poderen exercer o seu dereito ao voto, os electores deberán presentar o carné profesional ou o documento nacional de identidade electrónico.

2. Os electores poderán exercer o seu dereito de sufraxio activo en calquera dos puntos de votación do territorio nacional determinados pola Xunta Electoral.

3. O exercicio do voto realizarase colocando o carné profesional ou o documento nacional de identidade electrónico no dispositivo do terminal informático previsto para o efecto, co fin de que o sistema identifique o elector e verifique a súa inscrición no censo electoral. Seguidamente, na pantalla mostraráselle a relación de candidaturas presentadas para a designación de representantes no Consello de Policía da escala a que pertenza o elector, así como a opción de voto en branco. O elector deberá elixir unha das alternativas e confirmala cos mecanismos establecidos para o efecto. Deberán quedar rexistrados na aplicación de forma dissociada o voto realizado e o acto da votación polo elector, impedindo que este poida volver votar.

Artigo 22. O escrutinio electrónico e a súa acta.

1. Ao termo do horario das votacións, a Mesa Electoral Única procederá ao escrutinio dos votos emitidos na totalidade dos puntos de votación do territorio nacional co apoio dos técnicos informáticos correspondentes.

Unha vez finalizado o escrutinio electrónico procederase a efectuar o escrutinio do voto por correspondencia conforme as previsións do capítulo VIII.

2. Unha vez realizado o escrutinio total, levantarase a acta co resultado e, en todo caso, faranse constar os seguintes datos:

- A composición da Mesa Única Electoral.
- O número de electores que exerceron o seu dereito ao voto.
- O número de votos en branco.
- O número de votos nulos.
- O número de votos obtidos por cada candidatura.
- O número de abstencións.
- As incidencias durante a sesión.

Unha vez levantada a acta, en soporte papel, será asinada polos compoñentes da Mesa, os interventores e o representante da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, logo de lles facilitar copia a todos eles.

3. A acta orixinal do escrutinio será entregada inmediatamente á Xunta Electoral, xunto á acta orixinal da constitución, e procederase á publicación provisional de resultados non máis tarde do día oitavo seguinte ao da votación.

CAPÍTULO VIII

Voto por correspondencia

Artigo 23. *Previsión.*

Os electores que prevexan que non se atoparán en ningún dos lugares onde se establezan os puntos de votación na data de votación poderán emitir o seu voto por correspondencia, logo de comunicación á Mesa Electoral Única.

Artigo 24. *Solicitud previa.*

1. Para exercer o voto por correspondencia, o elector deberá solicitar persoalmente as papeletas de voto e un certificado de inscrición no censo á Mesa Electoral Única, a partir da data da súa constitución e ata dez días antes da data en que se vaia celebrar a votación.

2. En caso de enfermidade ou incapacidade que impida a formulación persoal da solicitude, cuxa existencia se deberá acreditar por medio de certificación médica oficial, a solicitude poderaa realizar en nome do elector outra persoa autorizada notarial ou consularmente mediante documento que se expedirá individualmente en relación con cada elector e sen que nel se poidan incluír varios electores, nin unha mesma persoa representar máis dun elector. A Xunta Electoral comprobará a concorrencia das circunstancias a que se refire este punto en cada caso.

3. A solicitude, que se poderá realizar tamén mediante mecanismos informáticos, realizarase a través da Secretaría da dependencia policial onde se atope o elector ou ben utilizando o procedemento establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 25. *Remisión.*

1. Unha vez recibida a solicitude, a Mesa Electoral Única comprobará a inscrición do funcionario no censo electoral, realizará a anotación correspondente neste co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente, e expedirá o certificado de inscrición no censo. No certificado farase constar o cadro de persoal de destino do funcionario co fin de que sexa posible cumprir as disposicións normativas que establecen como criterio de representatividade os resultados obtidos polas distintas organizacións sindicais a nivel territorial e dos servizos centrais. A Mesa Electoral Única remitirá urxentemente o dito certificado á secretaría da dependencia desde onde se solicitou, xunto co sobre e as papeletas de voto.

2. Unha vez que o elector escollese a papeleta de voto, introduciraa no sobre de votación, pecharao, incluírao noutro sobre de dimensións maiores, xunto co certificado de inscrición no censo electoral, e remitirao á Mesa Electoral Única a través da secretaría da dependencia policial onde se atope, ou ben utilizando o procedemento establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, cunha antelación suficiente para que produza efectos o día da votación.

3. Unha vez recibido o sobre, a Mesa Electoral Única custodiarao ata o día da votación, data en que será posto á disposición da comisión de garantía electoral do voto por correspondencia. Iniciado o horario de votacións, a comisión de garantía electoral do voto por correspondencia procederá á apertura dos sobres salvagardando o carácter secreto do voto, realizará a anotación informática dos votantes no censo, así como a dos seus cadros de persoal de destino e, finalmente, introducirá os sobres de voto nunha urna. Unha vez finalizado o horario das votacións, a comisión de garantía electoral do voto por correspondencia procederá ao escrutinio de todos os votos remitidos por correo e á súa adxudicación ás candidaturas na aplicación informática para a súa incorporación ao escrutinio xeral.

4. Será nulo o voto emitido en sobre ou papeleta diferente do modelo oficial, ou emitido en papeleta sen sobre ou en sobre que conteña máis dunha papeleta, así como a papeleta introducida en sobre de escala distinta á que pertence o elector.

Tamén serán nulos os votos emitidos en papeletas nas cales se modificasen, engadisen, sinalasen ou riscasen nomes dos candidatos, así como aqueles en que se producise calquera outro tipo de alteración.

Considerarase voto en branco, pero válido, o sobre que non conteña papeleta.

Artigo 26. *Recepción fóra de prazo.*

Se a correspondencia electoral fose recibida con posterioridade á terminación da votación, non se computará o voto nin se terá como votante o elector; procederase á destrución do sobre sen abrir e deixarase constancia de tal feito.

Artigo 27. *Papeletas.*

1. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil disporá o necesario para que haxa un número suficiente de sobres e papeletas de cada candidatura, que estarán á disposición da Mesa Electoral Única.

2. O tamaño, impresión e calidade de papel serán de iguais características, e serán homologados polo Consello de Policía.

3. As papeletas e os sobres imprimíranse nas cores seguintes:

Escala superior: azul claro.

Escala executiva: sepia.

Escala subinspección: verde claro.

Escala básica: branco.

CAPÍTULO IX

Proclamación de electos e constitución do Consello de Policía

Artigo 28. *Proclamación de electos.*

1. Unha vez que a Xunta Electoral publicase os resultados provisionais, os representantes das candidaturas disporán dun prazo de dous días para presentaren as reclamacións que consideren oportunas.

2. A Xunta Electoral resolverá as reclamacións e proclamará os electos antes da finalización do mandato a que se refire o artigo 30.2. O inicio do mandato dos novos electos coincidirá coa constitución do Consello de Policía resultante das eleccións.

3. A acta de proclamación será subscribida polo presidente e o secretario da Xunta. Conterá mención expresa do número de electores, dos votos válidos, dos votos nulos, dos votos en branco, dos votos obtidos por cada candidatura, do número de representantes destes ao Consello de Policía, así como a relación nominal dos electos. Así mesmo, na acta apuntaranse as reclamacións formuladas e as resolucións adoptadas. Entregaránselles copias certificadas da acta do escrutinio definitivo aos sindicatos, federacións, coalicións ou agrupacións que o soliciten.

4. A Xunta Electoral expedirá as credenciais da súa proclamación e publicará na orde xeral do Corpo Nacional de Policía o cómputo global dos resultados para os efectos de declarar o grao de representatividade das organizacións sindicais e, de ser o caso, federacións, coalicións e agrupacións que concorren ao proceso electoral.

Artigo 29. *Contencioso electoral.*

1. Os actos da Mesa Electoral Única serán impugnables ante a Xunta Electoral. Os actos da Xunta Electoral esgotan a vía administrativa.

2. Contra os actos da Xunta Electoral poderase interpor recurso potestativo de reposición e, de ser o caso, recurso contencioso-administrativo.

Artigo 30. Constitución.

1. O Consello de Policía deberase constituír formalmente dentro dos quince días seguintes ao de proclamación dos resultados definitivos. O mandato dos conselleiros electos dará comezo a partir do momento da constitución do Consello de Policía.

2. A duración do mandato dos conselleiros electos, salvo nos supostos das alíneas b), c), d) e e) do artigo 31.1, será de catro anos. O mandato dos conselleiros terminará no momento da constitución do novo Consello de Policía que xurda da celebración das seguintes eleccións xerais. Os conselleiros poderán ser reelixidos en sucesivos procesos electorais.

3. No caso de se producir unha vacante na representación dos funcionarios no Consello de Policía por calquera causa, será cuberta automaticamente polo candidato que ocupe o posto seguinte na lista respectiva e publicárase a substitución na orde xeral do Corpo Nacional de Policía.

4. Unha vez esgotado o número de candidatos titulares da lista, procederase de igual forma cos suplentes.

5. No suposto de se esgotar o número de suplentes, quedarán vacantes no Consello de Policía os postos correspondentes e deberase manter o seu carácter paritario en calquera caso. Se deste xeito quedasen sen representación unha ou varias escalas e, ademais, faltasen máis de nove meses para a terminación do mandato dos delegados, convocaranse eleccións parciais para a escala ou escalas afectadas. A duración do mandato dos representantes elixidos no suposto de eleccións parciais será polo tempo que reste para completar os catro anos.

Artigo 31. Perda da condición de conselleiro.

1. Perderase a condición de membro do Consello de Policía por algunha das seguintes causas:

- a) Terminación do mandato.
- b) Renuncia.
- c) Perda da condición de funcionario.
- d) Cambio de escala.
- e) Cando deixen de concorrer os requisitos legalmente establecidos para ser elector ou elixible.

2. No caso de se producir vacante por calquera causa, coa excepción do sinalado na alínea a) do punto anterior, observarase o disposto no artigo 30.

3. O órgano competente para declarar a perda da condición de membro do Consello de Policía nos supostos das alíneas b), c), d) e e) será a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Disposición adicional única. Cómputo de prazos.

Os prazos expresados neste real decreto entenderanse referidos a días naturais.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Derróganse as seguintes normas:

O Real decreto 315/1987, do 27 de febreiro, sobre normas para a celebración de eleccións de representantes do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía e determinación da condición de representativos dos seus sindicatos, conforme o disposto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

O Real decreto 322/1991, do 15 de marzo, polo que se modifican determinadas normas para a celebración de eleccións de representantes do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía.

O Real decreto 327/1999, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 315/1987, do 27 de febreiro, sobre normas para a celebración de eleccións de representantes do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía e determinación da condición de representativos dos seus sindicatos.

Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA